

Hoxe en día existen na rede multitude de sitios web que nos permiten elaborar presentacións de imaxes, colgar vídeos, música, etc. Todos estes contidos están gardados fisicamente nos servidores das respectivas compañías e estas ofrécennos a posibilidade de incluílos no noso sitio web sen máis que pegar un código HTML que é ofrecido pola propia empresa.


Esta páxina multimedia Ardora ofrécenos unha forma sinxela de pegar ese código e crear a nosa páxina web en moi poucos minutos:

Busca neste mapa de España a túa localidade.

[Ver mapa más grande](#)

José M. Boo - 2015

Esta é a pantalla de edición:



ZONA 1

No cadro de texto da parte superior debemos pegar o código que previamente copiamos do sitio web do que queremos incrustar o contido. Un vez pegado podemos xa facer unha vista previa para ver como quedaría a nosa páxina, e se non nos convence o tamaño do obxecto incrustado, sempre poderemos cambialo editando os valores (en pixeis) que van despois dos parámetros "width" (ancho) e "height" (alto) que como pode verse na imaxe, aparecen ao principio do código.

1 Pulse con el botón derecho y "pegue" el código.

```
<iframe width="600" height="500" frameborder="0" scrolling="no" marginheight="0"
marginwidth="0" src="https://maps.google.com/maps?ie=UTF8&amp;il=39.859155,-
3.383789&amp;spn=8.95234,14.128418&amp;t=m&amp;z=6&amp;output=embed"></ifra
me><br /><small><a href="https://maps.google.com/maps?
ie=UTF8&amp;il=39.859155,-
3.383789&amp;spn=8.95234,14.128418&amp;t=m&amp;z=6&amp;source=embed"
style="color:#0000FF;text-align:left">Ver mapa más grande</a></small>
```

Para **obter o código** fíxese nas distintas aplicacións nalgún lugar que apareza algo como "compartir", "share", "embeber", "embed"..., no caso de youtube aparece "compartir", en vimeo "share",

accedendo a estes apartados cada aplicación ofrece distintas formas de compartir o contido, a ideal para Ardora é aquela o código da cal empeza por "<iframe... normalmente adoita estar no subapartado de "inserir" ou "incrustar", neste apartado pode tamén configurar aspectos do propio código a "embeber", cores, tamaño, etc.

IMPORTANTE: Varios destes sitios ofrécennos un "código" que será funcional se a nosa páxina está a funcionar baixo un servidor web, se o intentamos ver nunha vista previa nosa páxina non mostrará nada. Isto é moi doado de evitar con tan só fixarnos no código facilitado polo lugar. Por exemplo, un video de "youtube" facilítanos un código parecido ao seguinte:


```
<iframe width="420" height="315" src="//www.youtube.com/embed/RAHIIdVbd1XI?rel=0"
frameborder="0" allowfullscreen></iframe >
```

fixese que, na primeira liña, aparece o código **src="//...** engada a este anaco o seguinte **http:** de forma que o código quede así:


```
<iframe width="420" height="315"
src="http://www.youtube.com/embed/RAHIIdVbd1XI?rel=0"
allowfullscreen></iframe >
```

Con isto a páxina, neste caso un vídeo, xa poderá ser vista tamén en local.

Na caixa de texto (4) escribiremos o enunciado ou texto que queiramos que apareza na parte superior da páxina. Co botón (1) elixiremos a fonte e no campo (2) axustaremos o tamaño. Cos botóns (3) aplicaremoslle formato de grosa, cursiva e subliñado respectivamente.



Na parte inferior podemos escribir o texto que aparecerá na pestana do noso navegador cando se abra a páxina (1) se queremos que aparezan unhas liñas horizontais separando o enunciado do contido



e/ou o contido do nome do autor (2), no campo inferior pode escribirse o nome do autor (3) e no campo (4) axustar o tamaño da fonte que presentará o nome do autor.

ZONA 2

Nesta área poderemos elixir unha cor de fondo para a nosa páxina co botón (1), elixir a posición para o enunciado que aparecerá na parte superior (2), introducir pistas de audio que se reproducirán cando o usuario faga clic sobre o devandito enunciado (3) e na parte dereita temos unha serie de botóns (4) que enlazan directamente cos principais sitios web dos que falamos e que nos ofrecen o código fonte para pegar no campo de texto da parte superior esquerda.

